

CAMPO LAMEIRO**E D I C T O**

Informada a conta xeral do orzamento deste Concello, correspondente ó exercicio do dous mil cinco, expónse ó público, a efectos de exame e reclamacións, polo prazo de quince días.

Campo Lameiro a 15 febreiro do 2006.—O Alcalde, Julio Sayáns Bugallo. **2006001740**

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día catorce de febreiro do dous mil seis, o presuposto municipal para o exercicio económico do dous mil seis, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 150.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da provincia, durante o que, os interesados, poderán examinalo e presentalas reclamacións que estimen pertinentes e que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde Presidente desta Corporación.

O presuposto considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentasen reclamacións contra o mesmo.

Campo Lameiro a 15 febreiro do 2006.—O Alcalde, Julio Sayáns Bugallo. **2006001741**

* * *

P O I O**E D I C T O**

Solicitada por don Benjamín Rivas Irago licenza municipal para acondicionar, e posteriormente abrir ó público un local destinado a restaurante código 2.7.1 Real Decreto 160/2005-Xunta Galicia, sito en R/ San Roque nº 37 - Combarro - B Poio, cumprindo co disposto no artigo 36 a) nº 5 do Regulamento Espectáculos e Actividades Recreativas do 27/8/1982, e cumprindo co Art. 30.2-ap. a) do R.A.M.I.N.P. de 30/11/1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, desde o día seguinte ó da inserción do Edicto no B.O.P., podendo examinalo expediente no Concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade, formulando por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Poio, a 10 de febreiro do 2006.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2006001614**

A N U N C I O

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 2 de xaneiro de 2006, núm. 1, referente ó acordo adoptado polo Pleno, en sesión de 29 de novembro de 2005, sobre Modificacións de Ordenanzas Fiscais, sen que se presentasen reclamacións ningunha en contra das mesmas, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, fanse públicas as anteditas modificacións que quedan aprobadas definitivamente:

1. Modificación das tarifas da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, e outros elementos análogos con finalidade lucrativa”, e que figuran no anexo de dita Ordenanza quedando redactadas como seguen:

T A R I F A S

- a) Mesas-Cadeiras: 1,50 €/m²/mes
- b) Valados, puntais e andamios: 2,25 €/m²/mes (importe mínimo: 30 euros).
- c) Escombros, materiais de construción, camións, contenedores: 0,40 €/m²/día (importe mínimo: 30 euros).
- d) Anuncios en columnas, carteis, vallas publicitarias e outras instalacións: 15,00 €/m²/ano, do anuncio exhibido.

Estas tarifas entrarán en vigor a partir da súa publicación no BOP.

2. Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

PRIMEIRO.—Modifica-los apartados 1 e 2 do artigo 6, quedando redactados como seguen: Apartado 1.

- a) A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.
- b) Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomárase, como valor do terreo, ou da parte de este que corresponda, o importe que resulte de aplicar ós novos valores catastrais a redución do 40%.

Dita redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

Esta redución non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que aquel se refire sexan inferiores ós ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.”

Apartado 2.—Para determinar o importe do incremento real aplicarase sobre o valor do terreo no momento de devengo a porcentaxe que resulte do cadro seguinte:

Esta redución non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que aquel se refire sexan inferiores ós ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.”

Apartado 2.—Para determinar o importe do incremento real aplicarase sobre o valor do terreo no momento de devengo a porcentaxe que resulte do cadro seguinte:

Período de 1 a 5 anos	Período de ata 10 anos	Período de ata 15 anos	Período de Ata 20 anos
2,8	2,7	2,6	2,5

SEGUNDO.—Modificación do artigo 7, quedando redactado como segue:

Artigo 7.—A cota deste Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame único do 23%.

Estas modificacións entrarán en vigor a partir da súa publicación no BOP.

3.—MODIFICACIÓN DAS ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICA

A modificación do artigo 5 das tarifas desta Ordenanza, quedando redactado como segue:

ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE E COTA:

1.—Licencia de Obras e Proxectos de Urbanización

a) Constitúe a base imponible desta taxa o custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) As cotas desta taxa serán as seguintes, sobre o presuposto de execución material:

-Cota única: 0,6%.

-Cota mínima a liquidar: 24 euros.

2.—Licencia de primeira ocupación

Constitúe a base imponible desta taxa a realización da actividade tendente a comprobar que os edificios de nova construción reúnan os requisitos esixidos nas Ordenanzas Municipais de Plans de Urbanismo así como as condicións de habitabilidade necesarias para a cualificación de vivenda ou construción para a que se solicitou licenza, e liquidarase de acordo coa superficie construída.

Vivendas colectivas:

Ata 100 m ²	60 euros
De 101 a 150 m ²	90 euros
De 151 a 200 m ²	120 euros
De máis de 200 m ²	150 euros

Vivendas unifamiliares:

Ata 100 m ²	90 euros
De 101 a 200 m ²	108 euros
De 201 a 300 m ²	135 euros
De máis de 300 m ²	210 euros

Resto de Inmóbles:

Por cada 100 m ²	90 euros
-----------------------------	----------

3.—Parcelacións:

Por cada licenza de parcelación ou reparcelación que se presente a trámite satisfará por cada parcela resultante: 60 euros.

4.—Declaración de ruína:

Por cada solicitude que se formule e trámite de declaración de ruína de unha edificación: 300 euros.

5.—Fixación de liña e rasante:

60 euros.

Estas tarifas entrarán en vigor a partir da súa publicación no BOP.

Contra estas aprobacións definitivas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto nos artigos 10.b) e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Poio, 10 de febreiro de 2006.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2006001450**

A N U N C I O

Visto o expediente tramitado sobre baixa por inclusión indebida no Padrón Municipal de Habitantes, xa que figuran inscritos pero non residen neste termo municipal incumprindo os requisitos establecidos no artigo 54 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, de 11 de xullo de 1986 e intentada a notificación de conformidade co artigo 59 da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRJAP-PAC; ábrese un prazo de quince días contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia e publicarase no taboleiro de anuncios de este concello para que os interesados pre-